# Proceso para darse de alta en Issuu

Issuu é unha plataforma Web 2.0 que permite aloxar arquivos en diversos formatos e compartilos; tamén proporciona un código para "incrustar" o documento xerado nun blog, nunha web ou en Moodle.

Os documentos aloxados en Issuu poden visualizarse como unha revista ou libro, como unha presentación, etc.

Para utilizar Issuu é necesario darse de alta, os pasos que debes seguir son os seguintes:

1) Accede á páxina de Issuu facendo clic aquí, chegarás á páxina da plataforma que se mostra na imaxe, fai clic en "Sing up".




2) Abrirase a páxina de recollida de datos, enche todos os campos:

- First name: nome.
- Last name: apelidos.
- Profile name: un alcume, pode ser o nome do usuario (non poderá cambiarse). Se tras teclear o nome aparece a mensaxe "Profile name not available" debemos cambiar o nome ou engadir carácteres ata que se mostre a mensaxe "Profile name available".
- E-mail: dirección de correo.
- Password: contrasinal.
- Gender: elixir entre home (male) ou muller (female).
- Age: no despregable seleccionar a idade.
- Enter the words below: introducir os carácteres que se mostran debaixo, pode ser difíciles de entender, se non se entenden, facer clic en "Refresh image" para que nos mostre outra opción. Normalmente aparecen dúas palabras, é necesario poñer un espazo entre elas.
- Clic para marcar a opción en "I accept the Terms of Service.. ". ".
- Clic en "Agree and continue".



3) Se todo foi ben abrirase a seguinte páxina:




Dannos as grazas e informan de que se enviou un email ao noso correo, ademais infórmannos de que non debemos pechar a ventá ata que recibamos o email de confirmación, polo tanto, sen pechar a ventá debemos ir á dirección de correo que facilitamos, para iso debemos abrir unha nova pestana ou ventá. Se tes unha versión recente de FireFox ou de Internet Explorer fai clic na pestana que aparece dentro do recadro verde (ver a imaxe enriba deste parágrafo), se abrirá unha nova ventá, na barra do navegador tecleamos a dirección do noso servidor de correo e accedemos ao noso correo.



4) Abre o correo e clic sobre "Join Issuu",




5) Ábrese a seguinte ventá:




Ao Facer clic sobre "Verify account" o proceso de alta finalizou.

Alta en Issuu by Manuel Rodríguez Aira is licensed under a Creative Commons Attribution-NonCommercial-ShareAlike 3.0 Unported License.